

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO COMITÉ ANTIFRAUDE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

1ª ACTA: SESIÓNS 27 DE ABRIL, 4 E 20 DE MAIO DO 2022

Mediante correos do 18 e 20 de abril de 2022, convocouse a constitución do Comité Antifraude da Universidade da Coruña (UDC), segundo o establecido no punto 4 do Plan de Medidas Antifraude da UDC aprobado na sesión do 25-01-2022 do Consello de Goberno e na Resolución Reitoral do 11-03-2022 de Creación do Comité Antifraude da UDC.

Asistencia (segundo a orde establecida no apartado Primeiro da referenciada R. R.do 11-03-2022):

- Ramón del Valle López, xerente, presidente.
- Disculpa a súa asistencia o vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica, Domingo Calvo Dopico.
- Salvador Naya Fernández, vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia.
- Ramón Noguerol Gómez, vicexerente de Coordinación.
- Ana Lozano del Río, vicexerente de Economía e Finanzas.
- Yolanda Calaza Parajes, vicexerente de Investigación e dos AA EE da Investigación.
- Carlos Aymerich Cano, secretario xeral, secretario.

A orde do día é a seguinte:

1º.- Constitución do Comité Antifraude da UDC. Achégase Plan de Medidas Antifraude da UDC e Resolución Reitoral do 11-03-2022 de Creación do Comité Antifraude da UDC.

Nesta sesión constitúese o Comité Antifraude da UDC, de conformidade co disposto na Resolución Reitoral do 11-03-2022 de Creación do Comité Antifraude da UDC.

Presidencia: xerente da UDC.

Secretaría: secretario xeral da UDC.

Vogais: vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica, vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, vicexerente de Coordinación, vicexerente de Economía e Finanzas e vicexerente de Investigación e dos AA EE da Investigación.

2º.- Avaliación sobre a conveniencia de dotar dunha Secretaría Técnica ao Comité.

Despois dun debate, conclúese que esta proposta queda en estudo para unha posible ulterior decisión.

Páxina 1 de 3

Código Seguro De Verificación	eK0JxJd5cUCDCs83NvNG7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	24/10/2022 16:44:46
	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	24/10/2022 12:48:56
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eK0JxJd5cUCDCs83NvNG7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3º.- Consideración sobre o xeito da realización Declaración de ausencia de conflitos de intereses (DACI) prevista no anexo V do Plan de Medidas Antifraude da UDC.

O Comité Antifraude da UDC acorda o seguinte:

1.1 Procedementos de contratación administrativa mediante licitación pública e para convocatorias de subvencións vinculados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ou a financiamento europeo, independentemente de como se lle adxudique á UDC: Obrigatoriedade de cubrir unha DACI por parte de todas as persoas que interveñen nos procedementos de concesión de subvencións¹ e de contratación, en todo caso, aquela responsable do órgano de contratación ou de concesión de subvencións; o persoal que redacte os documentos de licitación, as bases e/ou as convocatorias; os expertos que participen na avaliación das solicitudes, ofertas ou propostas; os membros dos comités de avaliación de solicitudes, ofertas ou propostas e demais órganos colexiados dos citados procedementos. No caso dos órganos colexiados, a dita declaración poderán facela todos os intervinientes ao comezo da correspondente reunión, o que se reflectirá na acta.

Tamén se incluírá, tanto nos pregos de cláusulas administrativas particulares como nas bases reguladoras das subvencións, un modelo de DACI que deberá ser asinado tanto por parte dos contratistas e subcontratistas como por parte dos beneficiarios das axudas.

1.2 Procedementos de contratación administrativa mediante licitación pública e para convocatorias de subvencións distintos aos enunciados no apartado 1.1:

Obrigatoriedade de que conste na acta de constitución do correspondente órgano colexiado a declaración de ausencia de conflito de intereses de todos os membros e asesores dese órgano.

2. Contratos menores vinculados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ou a financiamento europeo, independentemente de como se lle adxudique á UDC e expedientes de contratación laboral do capítulo VI:

Obrigatoriedade de cubrir unha DACI xenérica por parte dos responsables e xestores de UXXIE-EC (directores de centros de gasto, responsables de proxectos (IP), persoal dos negociados e responsables/tramitadores de asuntos económicos) e persoal que participe na tramitación de expedientes de contratación laboral do capítulo VI.

Cando se incorpore novo persoal a un centro ou servizo o responsable dese centro, servizo ou unidade deberá tramitar a correspondente sinatura de DACI xenérica e enviala ao Servizo de

¹ Refírese a convocatorias internas de subvencións. No caso de que a UDC sexa adxudicataria terá que adecuarse ás condición de cada convocatoria.

Código Seguro De Verificación	eK0JxJd5cUCDCs83NvNG7w==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	24/10/2022 16:44:46	
	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	24/10/2022 12:48:56	
Observacións		Páxina	2/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eK0JxJd5cUCDCs83NvNG7w==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

PAS ou PDI segundo corresponder. O responsable da unidade debe asinar o compromiso de informar ao persoal da unidade da obriga de asinar a declaración xenérica antifraude.

3. Provedores

Todos os provedores que contraten coa UDC deberán asinar o anexo V.4. do Plan de Medidas Antifraude (PMA) da UDC, que é o modelo xenérico de declaración responsable de adhesión ao PMA da Universidade da Coruña.

Achéganse como anexos ao presente acta os anexos V.1.1, V.4, V.5 e V.6, como modelos da DACI actualizados como anexo V no Plan de Medidas Antifraude (PMA) da UDC.

4º.- Decidir o cronograma dun Plan de Traballo para avanzar nas funcións deste comité previstas no punto terceiro da R. R. de creación deste comité.

Decídese traballar na presentación dun documento de planificación para vindeira sesión do comité.

5º.-Páxina web antifraude da UDC.

A presidencia do comité informa que en poucos días estará operativa a páxina web antifraude da UDC.

6º.- Quenda aberta de intervencións.

Non hai intervencións neste punto da orde do día.

Remata a sesión ás 10.30 h do 20 de maio de 2022.

Visto e prace
Presidente
Ramón del Valle

Dou fe
Secretario
Carlos Aymerich

Código Seguro De Verificación	eK0JxJd5cUCDCs83NvNG7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	24/10/2022 16:44:46
	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	24/10/2022 12:48:56
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/eK0JxJd5cUCDCs83NvNG7w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

